



SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ
Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes

MEMORIA ANO 2011

**SERVICIO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DA MANCOMUNIDADE
DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES**



ANTECEDENTES

O Servizo de Atención Temprá da Mancomunidade de Ordes, situado no concello de Ordes funciona para toda a comarca dende outubro de 2008.

O obxectivo principal do servizo é atender ás necesidades de intervención de contido social que se detectan nas familias dos nenos e nenas da comarca de Ordes para complementar a atención sectorial que se presta dende os ámbitos sanitario e educativo, abordando a prevención en todos os seus grados , primaria , secundaria e terciaria.

O servizo ten como pilares fundamentais os principios recollidos no “Libro Blanco de Atención Temprana” e segue as recomendacións técnicas e os estándares de calidade publicados polo Real Patronato de Discapacidade.

POBOACIÓN DESTINATARIA

Poboación infantil de 0 a 6 anos da comarca de Ordes

- nenas e nenos con trastornos ou necesidades permanentes.
- nenas e nenos con trastornos ou necesidades transitorias.
- nenas e nenos en risco biolóxico ou social.

Poboación infantil ata 12 anos con discapacidade (certificado de minusvalía superior ó 33%) que precise intervención especializada.

OBXETIVOS XERAIS DO SAT

1. Ofrecer unha intervención especializada de cara o óptimo desenvolvemento dos nenos e nenas.
2. Actuar como medida de prevención da dependencia social e de promoción do benestar.
3. Promover a integración dos nenos e nenas con discapacidade ou desenvolvemento atípico no seu entorno próximo.

FUNCIÓNS DO SERVIZO

1. Valoración e atención de situacións de risco para o desenvolvemento do neno/a.
2. Valoración para a intervención nas dificultades en distintas áreas do desenvolvemento: psicomotora, cognitiva, comunicativa e adaptativo-social.

3. Tratamento individual e específico para cada neno/a, a súa familia e o seu entorno.
4. Colaboración e asesoramento técnico coas entidades sanitarias, sociais e educativas para a integración do neno e para a prevención de situacións de risco.
5. Divulgar e informar en todos os ámbitos sanitarios, educativos e sociais sobre a importancia da detección, prevención e intervención precoz.

PROFESIONAIS

- Un Licenciado en Psicoloxía
- Un Diplomado en Logopedia

METODOLOXÍA

Eixo individual

A metodoloxía da intervención individual establécese da seguinte maneira:

1. Detección do trastorno.
2. Estudio e diagnose contrastada.
3. Programa de intervención individual.
4. Seguimento da intervención.
5. Avaliacións parciais do plan de intervención
6. Avaliación final.
7. Alta no servizo e/ou derivación a outros servizos.
8. Seguimento (de selo caso).




Gráfico 1: Esquema da intervención no SAT

MEMORIA DE ACTIVIDADES

POBOACIÓN ATENDIDA. USUARIOS 2011

Número nenos e nenas e as súas familias atendidos durante o ano 2011	159
Número de entradas durante o 2011	54
Número de altas durante o 2011	53

PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS. DETALLE CUANTITATIVO (a 23/12/2011)

Mes	Entrevistas iniciais/acollida	Sesi3ns de valoraci3n	Sesi3ns de intervenci3n	Sesi3ns seguimento/orientac	Acci3ns de coordinaci3n	Activ comunitaria. Sesi3ns Taller Grupo
Xaneiro	7	6	188	10	4	1
Febreiro	2	13	229	10	10	1
Marzo	6	5	184	7	12	1
Abril	5	12	197	8	1	1
Maio	8	8	214	8	4	1
Xu3o	2	3	26	1	4	0
Xullo	7	17	223	11	3	0
Agosto	4	13	198	4	0	0
Setembro	0	3	219	4	0	0
Outubro	3	2	181	3	12	0
Novembro	7	10	198	5	7	0
Decembro	3	11	136	8	1	0
Total	54	103	2193	79	58	5





Grafico2: Distribuci3n das prestaci3ns 2011

Tipoloxía dos casos: demanda recibida (porcentaxes)

Area socio-individual (conducta, afectividade, atención)	27,8%
Comunicación	49,2%
Motor	3,4%
Global	14,6%
Sensorial	5%




Gráfico 3. Distribución de casos por patoloxía principal.

Detalle accións de coordinación por meses. Entrevistas presenciais e accións de coordinación.

Mes	Entrevistas de coordinación
Xaneiro	Escola infantil municipal de Cerceda Colexio Castelao. Ordes Colexio O Cruce. Cerceda Colexio o Mesón. Ordes
Febreiro	Colexio Campomaior Ordes Colexio Castelao. Ordes Colexio Mesón . Ordes Colexio Sigüeiro. Oroso. Colexio A Silva. Cerceda Colexio Campomaior. Ordes Colexio Pecalama. Tordoia. Colexio Sigüeiro. Ordes. Escola Infantil A Ulloa. Oroso Escola Infantil Lúa.Ordes.
Marzo	Escola Infantil Sorrisos. Ordes. Centro de axudas técnicas Vía Libre Técnico de recursos para as necesidades especiais TADEGA Colexio A Silva. Cerceda Colexio O Cruce. Cerceda Colexio Campomaior. Ordes Colexio Sigüeiro. Oroso. Escola Infantil A Ulloa . Oroso Colexio Campomaior. Ordes Colexio Castelao. Ordes Colexio Xanceda. Mesía Colexio Mesón . Ordes.
Abril	Colexio Campomaior. Ordes
Maio	Grupo de traballo UDC Colexio Campomaior. Ordes Colexio Campomaior. Ordes. Escola Infantil Trastes. Oroso.
Xuño	Servizos Sociais da Comarca Escola unitaria de Merelle.Ordes Pediatría atención primaria. Ordes. Asociación de familiares de nenos con discapacidade de Cerceda. ASFADIC.
Xullo	Colexio Campomaior. Ordes ASPANAES. Equipo de Valoración Terapeuta Unidade de Atención Temperá do Materno Infantil
Outubro	Reunión Servizos Sociais da Comarca. Reunión de caso centro Cefine e Ensinarte

	<p>Colexio Viaño Pequeno . Trazo Colexio A Silva. Cerceda. Colexio Sigüeiro. Oroso Colexio Castelao. Ordes Servizo de valoración ASPANAES Santiago. Colexio O Cruce. Cerceda Colexio O Mesón. Ordes Colexio Xanceda. Mesía. Colexio Pecalama. Tordoia. Reunión Colexio CAmpomaioir. Ordes.</p>
Novembro	<p>Colexio Sigüeiro. Oroso. Técnicos ASPANAES. Técnicos Down Compostela. Colexio O Cruce. Cerceda Escola unitaria de Senra. Oroso. Pediatra Ordes. Traballadora Social Ordes, Educadora Familiar Ordes. Reunion de casos.</p>
Decembro	<p>Traballadora Social Ordes, Educadora Familiar Ordes. Reunion de casos.</p>
Total	58

**Nesta táboa non se reflexan as accións de coordinación vía informe , nin coordinación vía telefónica.*

Media mensual de prestacións

Consultas de acollida	4,9
Sesións de Valoración	9,4
Sesións de intervención	199,4
Sesións de Orientación e seguimento	7,2
Accións de coordinación	5,7
Actividades comunitarias. Taller.	0,5

Eixo comunitario

A metodoloxía desta intervención establécese de maneira específica para cada acción comunitaria. As realizadas no ano 2011 foron as seguintes:

Taller de Pragmática durante os meses de Xaneiro a Maio, con una periodicidade de una sesión mensual de dúas horas de duración.

Asesoramento e colaboración co Departamento de Orientación do CPI Viaño Pequeno de Trazo na implantación dun protocolo de cribado e detección precoz na poboación de 3 - 4 anos.

Elaboración do material para o programa “Dende a casa” que se desenvolverá o longo dos primeiros meses de 2012 para cada un dos concellos da comarca

ACTUACIÓNS DE CALIDADE. INDICADORES:

1. Formación e outras accións :

Curso Hiperactividade na primeira infancia. Asociación Galega Atención Temperá. Xaneiro 2011.

Psicomotricidade e integración. 50 h (Escola Internacional de Psicomotricidade.) Setembro-Decembro 2011.

Master en intervención en saúde, discapacidade e dependencia da Universidade da Coruña (actualmente, setembro 2011- xuño 2012)

"Intervención familiar desde el enfoque de la Parentalidad Positiva. Servicio de Formación, Estudios y Documentación. Dirección General de las Familias y la Infancia. (Outubro 2011-Xaneiro 2012)

Colaboración como membro da xunta directiva de AGAT (Asociación Galega de Atención Temperá)

Colaboración como membro da xunta directiva co CPLGA(Colexio Profesional de Logopedas de Galicia)

Asistencia a presentación Carteira de Servizos de Atención a Dependencia e Promoción da Autonomía Persoal. Consellería de Traballo e Benestar. Setembro

Participación na Rolda de prensa de Servizos de Atención Temperá Comunitarios de Galicia.. Maio

Presentación Borrador Decreto que regula a atención á diversidade do alumnado. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Outubro

Reunión Presidente da FEGAMP cos Servizos de Atención Temperá dos servizos sociais comunitarios de Galicia.

Reunión na Secretaría Xeral de Familia e Benestar cos Servizos de Atención Temperá dos servizos sociais comunitarios de Galicia.

2. Proceso de intervención

- valoración inicial interdisciplinar
- elaboración de informe e programación individualizados. Avaliacións parciais.
- Tempo de espera medio entre a demanda e a entrevista de acollida: 15 días.

3. Compromiso co emprego da lingua galega no servizo

No servizo de Atención Temperá usase o galego como lingua de referencia para a elaboración de informes e programacións individuais correspondentes ós usuarios do servizo, así como nas sesións de intervención directa realizadas, tanto no eixo individual como no eixo comunitario.

Tamén se empregou a lingua galega nas campañas divulgativas das actividades propias do servizo (trípticos, carteis, etc).

É necesario destacar os seguintes aspectos positivos:

- A demanda e participación dos/das usuarios/usuarias nas tarefas propias do servizo continúa en aumento.
- As familias son unha das partes fundamentais no bo funcionamento do servizo, aumenta a súa participación e concienciación da relevancia do seu papel no desenvolvemento infantil.

Ordes . 16 de xaneiro de 2012

A psicóloga do servizo de Atención Temperá

A Logopeda do servizo de Atención Temperá

Raquel Boquete Orgeira

Iria Botana Lois